

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E "ASTRA ZENECA FARMACÉUTICA SPAIN SA" PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO RELACIONADO COA ANÁLISE DA PEGADA AMBIENTAL DAS ACTIVIDADES ASOCIADAS Á ATENCIÓN SANITARIA DA ENFERMIDADE RENAL CRÓNICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

O Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 30.06.2026 coa sociedade AstraZeneca Farmacéutica Spain SA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 30.06.2026 ata o 30.06.2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do convenio *definir o alcance das relacións de colaboración entre os asinantes, para a posta en marcha dun proxecto que terá por obxecto a medición e análise da pegada ambiental das actividades asociadas á atención sanitaria da Enfermidade Renal Crónica (ERC) nunha das áreas sanitarias designada polo Servizo Galego de Saúde, no marco da iniciativa da Sustainable Market Initiative, desenvolvida pola Sustainable Health Care Coalition.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que de acordo co disposto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, constitúese o Servizo Galego de Saúde como organismo autónomo de carácter



administrativo adscrito á Consellería de Sanidade, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario correspóndenlle á Comunidade autónoma de Galicia.

Que o artigo 94 da mesma lei inclúe entre as súas funcións, a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos de saúde, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e melloramento da xestión.

Doutra banda, o artigo 136 da citada Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece, no ámbito da coordinación interdepartamental da atención sociosanitaria, que a Consellería de Sanidade promoverá accións integrais sociais e sanitarias naquelas circunstancias de dependencia, cronicidade, discapacidade ou outras nas que a cooperación leve consigo beneficios sociais e asistenciais.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a asistencia sanitaria. O seu propósito é promover, planificar, coordinar e avaliar as accións realizadas para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os actores do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Pola súa banda, AstraZeneca é unha empresa farmacéutica global e innovadora enfocada no descubrimento, desenvolvemento e comercialización de medicamentos, principalmente para o tratamento de enfermidades en tres áreas terapéuticas: Oncoloxía, Cardiovascular, Renal e Metabolismo e Respiratoria e Inmunoloxía.

Un dos seus obxectivos de innovación e investigación é traballar pola calidade de vida dos pacientes que padecen algunha enfermidade. Neste sentido, o seu desexo é ofrecer produtos e servizos que lles axuden a mellorar a súa calidade de vida e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial. En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formación e atención ao paciente, contando coa colaboración e o apoio científico, técnico e institucional dos xestores dos servizos sanitarios.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Luís Ángel León Mateos

